# Facemos un caderno de mergullo

Fletcher6, RCA 630-TS Television, CC-BY-SA3.0

***" En 1975, un australiano experto en testemuños presenciais, Donald Thompson, apareceu nun debate televisado en directo no que se poñía en dúbida a fiabilidade dos recordos que tiñan as testemuñas oculares dun suceso. Máis tarde Thompson foi detido pola policía e sometido a unha rolda de recoñecemento no que unha muller confirmou que se trataba do home que a violara. As autoridades presentaron cargos contra el, aínda que a violación sucedera mentres Thompson estaba no programa de televisión. El alegou como coartada que todo o mundo puido velo a esa hora en directo, pero a súa alegación foi denegada. Finalmente, os investigadores descubriron que o violador atacou á muller mentres esta vía a televisión, xusto no momento no que se emitía o programa no que Thompson aparecera. A vítima confundiu o rostro do violador co do home que viu no televisor."*** *Os enganos da mente.* Macknik e Martínez-Conde.

Le o texto atentamente e contesta as seguintes cuestións:

- ✓ Engade ao teu glosario as palabras que non entendas.
- ✓ Cal sería o titular dunha posible noticia sobre esta lectura.

Como moi ben explican no texto, a memoria humana ten serias limitacións. Os magos, os protagonistas do libro *Os enganos da mente*, usan continuamente os erros da memoria para enganarnos.

A memoria está condicionada por moitos factores:

- ➢ Durmir é fundamental para asentar a memoria. Ten en conta este detalle cando estudes o próximo exame.
- ➢ Lembramos mellor as cousas que nos producen emocións: goce, medo...
- ➢ Os sentidos como o gusto ou o olfacto poden axudar a fixar recordos pero tamén a modificalos.

Estes factores tamén afectan á memoria dos naturalistas. Seguramente no caso de sufrir o ataque dun animal mariño, como unha raia ou un congro, a nosa memoria gardará cada detalle do animal e incluso será capaz de aumentar o seu tamaño e ferocidade. Pero na maioría dos casos só lembraremos algún detalle dos organismos que vexamos nunha inmersión.

Os mergulladores empregamos un procedemento moi sinxelo para asegurar a nosa memoria, o caderno de mergullo. Trátase dun lugar no que se escriben os detalles da inmersión: canto fondo acadamos, a que temperatura estaba a auga, canto tempo estivemos, que cousas vimos, onde...

Ao longo de todo o tema imos facer un caderno de mergullo algo modificado, un caderno que nos axude a lembrar os organismos que máis nos chamaron a atención dentro dos distintos grupos de seres vivos. Posteriormente compartirémolo co resto do mundo incluíndoo nunha aplicación para móbiles.

Podes descargar o modelo do caderno de mergullo no seguinte enlace ( caderno en docx) (caderno en pdf) . Lembra que debe incluír no caderno un mínimo de vinte e cinco organismos diferentes: Mundo microscópico, algas, fentos, musgos, ximnospermas, anxiospermas, esponxas, cnidarios, platelmintos, moluscos, anélidos, crustáceos, insectos, arácnidos, equinodermos, peixes, anfibios, réptiles e mamíferos. O máis práctico é que vaias facendo o teu caderno a medida que estudamos os distintos grupos.